

EMILY GREENE BALCH

Emily Greene Balch naceu en Boston en 1867. A súa nai morreu cando ela era moi nova, mais o seu pai apoiouna para que estudara. Centrouse na Socioloxía e na Economía, materias que a partir de 1886 impartiría en Wellesley, universidade só para mulleres na que ensinou durante 20 anos.

Compaxinou o seu labor docente co social, a afiliación a numerosas comisións oficiais e a elaboración de publicacións. Un dos seus mellores traballos foi o que realizou sobre os inmigrantes eslavos nos EEUU, converténdose na primeira profesora de América en impartir un ciclo de conferencias ao estudantado sobre problemas relativos aos inmigrantes.

Durante a I Guerra Mundial traballou xunto con outra Premio Nobel, Jane Addams, para convencer aos xefes de estado dos países neutrais de que debían intervir para parar a guerra. O compromiso coa paz, que mesmo lle custou a súa destitución como docente, converteuse nunha constante da súa longa vida, consagrada a traballar por conseguir a paz entre as nacións.

En 1946 recibiu o Premio Nobel da Paz polo seu labor na Primeira Guerra Mundial, cando axudou a fundar a Liga Internacional de Mulleres para a Paz e a Liberdade, da que foi secretaria e presidenta.

Morreu en Cambridge en 1961.

Paula Crespo Lago

1º Bacharelato A